

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión extraordinaria e urxente do 23 de xullo de 2013**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup>. Raquel Díaz Vázquez  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Angel Rivas González

**NON ASISTEN:**

D. Carlos López Font  
D. Cayetano Rodríguez Escudero  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

Na Casa do Concello de Vigo, ás once horas e quince minutos do día vinte e tres de xullo de dous mil trece e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(806).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(807).- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES PARA O FOMENTO DE ACTIVIDADES DE INVESTIGACIÓN HISTÓRICA E DIVULGATIVA DA CIDADE. EXPTE. 9778/101.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 22-07-13, do técnico de Admon. Xeral e xefe de Protocolo e RRPP, visto o informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar o texto do proxecto de convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e o Instituto de Estudos Vigueses, para impulsar o programa e funcionamento do IEV correspondente ao ano 2013, consistente na edición de publicacións , na realización de conferencias e o desenvolvemento do proxecto de creación dun centro de documentación da historia de Vigo.

Segundo.- Autorizar o gasto segundo o expresado na cláusula 5<sup>a</sup> a favor do Instituto de Estudos Vigueses por unha contía de 37.000 euros con cargo á partida



2-O Concello de Vigo figurará adecuadamente en todas as actuacións publicitarias e de difusión que se realicen nas actividades , aparecendo expresamente có seu logotipo ou anagrama en calidade de colaborador. Instituto de Estudos Vigueses achegará probas deste material con anterioridade á súa impresión para conformidade do Concello de Vigo e o do seu logotipo.

3-O Instituto de Estudos Vigueses asumirá tódolos gastos e pagamentos relativos a totalidade o desenvolvemento do programa , e entregará a Alcaldía vinte exemplares das publicacións que se realicen durante o ano 2013 .

4-O IEV completará o fondo editorial na Biblioteca Central ,na da Casa Galega da Cultura , no Museo de Castrelos e Arquivo Municipal e, emitirá os informes que se lle poidan requirir pola alcaldía por asuntos locais , en particular sobre a xustificación de inclusión o cambios de nome no rueiro da cidade .

5-Presentar no Concello unha memoria -avaliación do programa abxecto deste convenio, xunto cos comprobantes orixinais dos gastos anuais a conta do importe subvencionado e como máximo dentro dos 30 días seguintes á finalización do programas de actividades.

CUARTA.-O seguimento de execución do Concello realizarase polo departamento da Alcaldía , Xefatura de Protocolo.

QUINTA.- O Concello de Vigo aportará a este Convenio a cantidade de 37.000 Euros en concepto de colaboración, con cargo a partida 912.0.489.00.04 (Outras Subvencións ).

O pago a Instituto de Estudos Vigueses realizarase contra a presentación da memoria de avaliación da programación correspondente as actividades a realizar, presentada antes do día 28 de decembro de 2013 e a achega dos xustificantes de pago a que se refire a seguinte cláusula.

SEXTA- Para a tramitación do pago do importe da axuda do presente convenio a Instituto de Estudos Vigueses deberá achegar, ademais da memoria que recolla as actuacións, os seguintes xustificantes acreditativos dos gastos vencellados ao proxecto do presente convenio coas seguintes especificidades:

1. Facturas orixinais que deberán recoller o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo, neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD 1619/2012, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais. Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que estea exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos relacionados directamente ó obxecto do presente convenio.
2. Cando a entidade solicitante demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do
3. Tamén serán admitidos aqueles gastos vencellados con este convenio que poidan ser xustificados a través de documentos orixinais que xustifiquen o valor probativo do gasto en base á eficacia administrativa do mesmo.
4. En xeral os documentos xustificativos deberán de corresponderse con gastos vencellados de forma directa co obxecto deste convenio, e sen que sexa necesario facer constar de forma expresa se os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación determinada neste convenio.

5. *Asemade, coa xustificación deberá entregarse unha declaración actualizada sobre a percepción ou non, por parte do beneficiario, doutras axudas para as actividades obxecto deste convenio, así como a indicación do importe e procedencia doutros fondos e recursos cos que fose financiada a actividade.*
6. *Para a facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta ata un 50% de axuda outorgada polo concello, unha vez asinado o convenio e previa petición da entidade na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos.*

*SETIMA.- O Concello de Vigo, porá a disposición do Instituto de Estudos Vigueses o local situado no segundo andar do Edificio situado en Cánovas del Castillo nº 2 de Vigo, para execución dos traballos de interese municipal regulados no presente convenio ,mediante outorgamento da autorización administrativa que deberá solicitar esta entidade.*

*OITAVA.- O seguimento deste convenio realizarase por unha comisión mixta na que figurarán o concelleiro-delegado de Réxime Interior e o presidente do Instituto de Estudos Vigueses ou persoas nas que deleguen, así como un representante técnico de ambas entidades.*

*NOVENA.- O presente convenio terá vixencia ata o 31 de decembro de 2013. O incumprimento dos acordos estipulados neste convenio poderá significar a súa cancelación. Previamente as partes comunicaranse esa intención cunha antelación de 15 días.*

*DÉCIMA .- A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo queda facultada para solucionar as controversias derivadas da execución deste convenio e o concelleiro delegado de Réxime Interior para adoptar as medidas que contribúan o seu cumprimento e desenvolvemento.”*

**3(808).- CONVENIO DE COLABORACIÓN CO FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE PARA PROMOVER UN DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE NA CÁMARA MUNICIPAL DE SANTA CRUZ (CABO VERDE). EXPTE. 87056/301.**

O presente expediente retírase da orde do día.

**4(809).- CONVENIO DE COLABORACIÓN CO FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN PARA A MELLORA NA XESTIÓN DE RESIDUOS NA CÁMARA DE PORTO NOVO (CABO VERDE). EXPTE. 87057/301.**

O presente expediente retírase da orde do día.

**5(810).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE REHABILITACIÓN DO ANTIGO CHALET MIRAMBELL PARA CENTRO DE RECEPCIÓN DE VISITANTES DA VILA ROMANA DE TORALLA. EXPTE. 6837/307.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 22-07-13, da xefa de Patrimonio Histórico, conformado pola concelleira-delegada de área que di o seguinte:

*“Con data 11 de febreiro de 2013, a Concelleira Delegada de Urbanismo, Cascos Históricos, Grandes Proxectos e Patrimonio, autoriza o inicio do expediente de contratación para a licitación do proxecto de rehabilitación do antigo chalet Mirambel como centro de recepción de visitantes da villa romana de Toralla, por un importe de (884.431,87 €)*

*Previamente, con data 31 de outubro de 2012, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria resolveu “autorizar a actuación proxectada” (proxecto de rehabilitación de edificio destinado a centro de interpretación histórica-arqueolóxica da romanización da ría de Vigo. Setembro 2011. Asinado pola arquitecta M<sup>a</sup> del Consuelo González García), aínda que dita autorización está condicionada a realización dunhas “sondaxes manuais valorativas, polo que se deberá presentar (por duplicado) o correspondente proxecto arqueolóxico para a súa autorización pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural”.*

*Dito proxecto arqueolóxico, realizado pola arqueóloga contratada ao efecto, foi presentado no mes de xaneiro de 2013 e autorizado no mes de febreiro do mesmo ano.*

*Unha vez realizadas ditas sondaxes, remítese á Delegación provincial da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, con data 15 de maio de 2013, o informe valorativo dos sondeos realizados na finca Mirambel, e con data 18 de xuño de 2013, recíbese no rexistro municipal un escrito de dita Delegación territorial no que se require documentación adicional do informe valorativo remitido, que é enviada por este Concello con data 1 de xullo.*

*Finalmente, a Delegación da Xunta remite a “resolución delegada de data 5 de xullo de 2013, pola que se dá por rematada a intervención de sondaxes arqueolóxicas manuais sobre a rehabilitación de edificio destinado a centro de interpretación histórica-arqueolóxica da romanización da ría de Vigo, situado na finca Mirambel”.*

*Con data 11 de xullo de 2013, o arquitecto municipal, Juan Luis Piñeiro Ferradás e a xefa de servizo de Patrimonio Histórico, remiten o seguinte informe á mesa de contratación no que se comunican os efectos da resolución da Xunta de Galicia no Procedemento aberto para a contratación das obras de rehabilitación do antigo chalet Mirambel, co obxectivo de convertelo en Centro de recepción de visitantes do xacemento da villa romana de Toralla (exp. 6837-307):*

*“Con data 5 de xullo de 2013, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural resolve o seguinte:*

*“Dar por rematada a intervención de sondaxes arqueolóxicas manuais sobre a rehabilitación de edificio destinado a centro de interpretación histórica-arqueolóxica da romanización da ría de Vigo, situado na finca Mirambel, na praia do Vao, rúa Canido, núm. 42, en Canido, Concello de Vigo; non habendo impedimento no comezo das obras de rehabilitación:*

- Deberase modificar o deseño da cimentación de forma que non afecte aos muros rexistrados. O novo plano modificado deberase presentarse nesta xefatura territorial para a súa supervisión polos SS.TT.*
- As excavacións para a construción das zapatas previstas no sector sur da edificación (números P5, P12 e P13, P14 e P9) así como o novo foxo do ascensor segundo se sitúe, entenderase como unha ampliación das sondaxes efectuadas ata o momento. Deberá remitirse un plano coa situación dos novos puntos de escavación acompañado dun orzamento autorizado e a solicitude da arqueóloga, expresando o*

*tempo de realización. O resto de movementos de terras deberán realizarse baixo un control arqueolóxico exhaustivo. Os resultados desta fase se incluírán na Memoria Técnica pendente de entrega. No caso dun cambio na dirección arqueolóxica debe-rase entón presentar un novo proxecto arqueolóxico para a súa autorización pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.*

- *No suposto de que aparezan novas estruturas arqueolóxicas de interese, poñer-se en coñecemento desta consellería, a efectos de analizar a compatibilidade da súa conservación coa cimentación ou co foxo de ascensor.”*

*En consecuencia, dita Resolución non supón unha modificación do obxecto do contrato das obras de rehabilitación do antigo chalet Mirambel, co obxectivo de convertilo en Centro de recepción de visitantes do xacemento da villa romana de Toralla, aínda que deba ser modificado o deseño da cimentación.*

*Este cambio na cimentación consiste en modificacións de posición, ao trasladar o ascensor a unha zona na que, en principio, non hai restos salientables.*

*De tódolos xeitos, supón unha indefinición do tempo de execución, polo que o prazo de seis meses pode verse incrementado, aínda que o prego de cláusulas administrativas do expediente que nos ocupa (6837-307) xa contempla posibles eventualidades derivadas da necesidade das autorizacións preceptivas da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. En concreto, o apartado 16. A das FEC sinala o seguinte:*

#### *“NORMATIVA VIXENTE EN MATERIA DE PATRIMONIO CULTURAL*

*É preciso sinalar que, de acordo coa normativa vixente en materia de patrimonio cultural, os proxectos arqueolóxicos derivados da súa execución (control arqueolóxico da urbanización do entorno así como calquera outra intervención que poida xurdir da execución do proxecto global) deberá ser autorizado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, tendo o contratista que asumir as indicacións que o Concello estime oportunas a este respecto.*

*Do mesmo xeito, deberanse cumprir coas obrigas de presentación de proxectos arqueolóxicos, informes valorativos e memorias técnicas derivadas da súa execución.”*

*Con data 18 de xullo de 2013, os arquitectos municipais emiten o seguinte informe, acompañado dos planos modificados:*

*“Con relación á Resolución de data 5 de xullo de 2013, emitida pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, na que se indica que non existe impedimento para o comezo das obras de rehabilitación do antigo Chalet Mirambel, condicionando o mesmo á modificación do deseño da cimentación para evitar a afección dos muros rexistrados nas sondaxes arqueolóxicas efectuadas, debe indicarse que:*

*1, Para dar resposta á modificación requerida, plantéxase o troco simétrico do núcleo de comunicacións, de xeito que o ascensor pasa a ocupar a posición da escaleira e viceversa. Deste xeito evítase a afección dos muros rexistrados nas sondaxes pola cimentación do ascensor, que é a que acada unha profundidade maior que o resto.*

*2, O troco destes elementos non supón unha modificación do obxecto do contrato nin altera sustancialmente o contido do proxecto ou as condicións esenciais da licitación, xa que:*

- *Non varía sustancialmente a prestación.*
- *Non se altera o prezo.*
- *Non se altera a relación prestación-prezo.*
- *Non supón variación das unidades de obra nin das medicións de proxecto.*

- O prego de prescripci3ns t3cnicas non rexistra alteraci3ns.
- Non se require unha habilitaci3n profesional distinta nin unha clasificaci3n de solvencia diferente.
- Non terían concurrido outros licitadores como consecuencia da modificaci3n citada.

Achégase plano de cimentaci3n corrixido (E2-R) así coma planos de distribuci3n das plantas baixa e primeira (P1-R e P2-R), nos que queda recollida a modificaci3n exposta.”

*Polo exposto, solicítase desa Xunta Local de Goberno o seguinte:*

*Aprobar a modificaci3n do deseño da cimentaci3n (segundo plano corrixido E2-R) do proxecto de execuci3n da obra de rehabilitaci3n do edificio destinado a centro de recepci3n de visitantes da villa romana de Toralla, redactado pola arquitecta M. del Consuelo González García, segundo determina a Resoluci3n de 5 de xullo de 2013 da Direcci3n Xeral de Patrimonio Cultural, así como os planos de distribuci3n das plantas baixa e primeira corrixidos (P1-R e P2-R).”*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **6(811).- PROPOSTA DE CLASIFICACI3N DE OFERTAS PARA A CONTRATACI3N DAS OBRAS DE DERRUBA DO EDIFICIO MUNICIPAL DO ANTIGO RESTAURANTE “EL CASTILLO”. EXPTE. 6820/307.**

Examinadas as actuaci3ns do expediente, visto o informe do 19-07-13 da secretaria da Mesa de Contrataci3n, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento das seguintes exclusi3ns acordadas pola Mesa de Contrataci3n:

HORDESCON, S.L.: na sesi3n de 26 de xuño de 2013 se acordou á vista da documentaci3n presentada pola citada mercantil no prazo outorgado para a subsanaci3n da documentaci3n persoal “excluír a oferta presentada por dita empresa por non acreditar a solvencia t3cnica, xa que os certificados de obra executada nos cinco últimos anos similares as licitadas non superan o prezo do contrato”.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicaci3n sinalados no prego, as proposici3ns admitidas no procedemento negociado con publicidade para a contrataci3n das obras de derruba do edificio municipal do antigo restaurante “el Castillo” (expediente 6820-307) no seguinte orde decrecente:

- CONSTRUCCIONES Y DESMONTES RIBERA NAVARRA, S.A, con una puntuaci3n de 80 puntos.
- COPCISA, S.A., con una puntuaci3n de 79,44 puntos.
- ORECO,S.A., con una puntuaci3n de 78,62 puntos.
- UTE XESTION AMBIENTAL-CONSTRUMAX, S.L., con una puntuaci3n de 78,54 puntos.
- OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS,S.A., con una puntuaci3n de 78,09 puntos.

- ORESA, S.L., con una puntuación de 77,99 puntos.
- EXTRACO, S.A., con una puntuación de 70,07 puntos.
- ALDASA, S.L.U, con una puntuación de 63,31 puntos.
- CONSLAR INGENIERIAS Y CONSTRUCCIÓN, S.L., con una puntuación de 34,72 puntos.

Terceiro.- Requirir ó licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES Y DESMONTES RIBERA NAVARRA, S.A, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.3 TRLCSP):

Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.  
Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.  
Resguardo da garantía definitiva.

Cuarto.- Conforme a delegación acordada por esta mesa de contratación na súa sesión de data 27-07-2011, o secretario da mesma procederá a formular ó órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás once horas e dezasete minutos. Como secretaria dou fé.

rs/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey.